

## ACTA

En Arzúa, a 29 de xuño de 2018.

Sendo as 12.20 horas, reúnense na aula n.º 3 do primeiro andar do edificio municipal multiusos, nomeado "Terra do Queixo", sito na rúa Padre Pardo, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba teórica** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar á persoa que desempeñará o posto de traballo de **técnico en turismo**, na modalidade de funcionario interino, para desenvolver o programa local de desenvolvemento turístico para o ano 2018, co obxecto de realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, cunha xornada laboral de **vintecinco horas** a semanais, durante un período de tempo que comprenderá desde a data de toma de posesión da persoa que resulte proposta pola Comisión Seleccionadora, ata o día 31 de decembro de 2018; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas por resolución do alcalde, ditada o día 25 de maio de 2018.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidenta: D. Luis Fole Barrio (*arquitecto técnico municipal do concello de Arzúa*).
  - Vogais:
    - D. Joaquín Vázquez Rodríguez (*técnico de normalización lingüística do concello de Melide*)
    - Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*), que actúa con voz e voto
- ( Non compareceron as vogais dona María Asunción Aller Conde e Ana Vallo Camba).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora,--de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público--, o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en "*responder a un cuestionario de trinta preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposición*".

Para o cal, elaboráronse -con anterioridade ao comenzo deste exercicio- as trinta cuestións en que consistirá dito exercicio, de maneira que cada cuestión formulada tivera catro respostas alternativas, sendo só unha de tales respostas a considerada como correcta.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias suficientes dos seis folios que conteñen as trinta preguntas elaboradas, incluíndo tamén tres preguntas de reserva, procedeuse a facer entrega de ditas fotocopias a cada un dos seis aspirantes que compareceron a realizar este exercicio (*dos trece que figuraban na lista definitiva de admitidos*); facéndolles saber o secretario da Comisión Seleccionadora:

- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta, cunha equis ou cun círculo.
- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0,25 puntos as respostas incorrectas, mentres que as respostas en branco non puntuarían nin restarían.
- Que será necesario obter unha puntuación de 15 puntos sobre 30 posibles, para superar este exercicio.
- Que a corrección de todos os exercicios será realizada na mañá do día de hoxe.
- Que as puntuacións obtidas por cada aspirante se recollerán na acta que se estenda desta reunión, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello, a ser posible no día de hoxe.
- Que o tempo máximo para responder ás trinta preguntas elaboradas, sería de corenta e cinco minutos, desde as 12.25 horas ata as 13.10 horas.

Dándose a circunstancia de que os catro aspirantes remataron os seus exercicios antes da hora límite fixada para iso.

Polo que desde as 13.00 horas ata as 13.30 horas se levou a cabo a corrección dos exercicios realizados polos oito aspirantes presentados.

Sendo dito cuestionario o que se recolle como Anexo á presente acta, figurando a continuación de dito anexo a plantilla que contén as respostas correctas a cada unha das trinta cuestións planteadas; así como tamén as tres preguntas de reserva.

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos tres membros integrantes- outorgou as seguintes puntuacións, seguindo para iso o mesmo orde co que figura incluído cada aspirante na lista definitiva de admitidos neste proceso de selección:

DNI	NOME E APELIDOS	Puntuación exercicio teórico
53305361D	María Olmo del Pino	NP
78801394J	María García Pérez	20,50
46918933Z	Gens Cibrao López Oteyza	NP
44092075V	Raquel Sesto Rey	21,50
76776487A	Paula Alonso Rodríguez	15,00
44829247Q	Cristina Vázquez Casal	15,75
32711463N	Pablo Cervantes Casanova	NP
35489607D	Iván Fernández Freiria	NP
44837891N	Eva Colmeiro Romero	NP
45909560L	María Luisa Otero Fernández	8,25
32829904A	Noemi Abajo Vega	21,75
76575412V	Yolanda Seoane Veiga	15,25
45873348D	Adrian Blanco Para	11,25

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados.

Adoptouse - por unanimidade dos catro membros da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos oito aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico, da fase de oposición.

**Segundo.-** Facer saber aos aspirantes María Luisa Otero Fernández e Adrian Blanco Para, que non obtiveron a puntuación mínima de 15 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décima das que rixen a oposición.

**Terceiro.-** Convocar aos restantes seis aspirantes que superaron o exercicio teórico (María García Pérez, Raquel Sesto Rey, Paula Alonso Rodríguez, Cristina Vázquez Casal, Noemi Abajo Vega e Yolanda Seoane Veiga), para que comparezan a realizar o exercicio práctico da oposición, o vindeiro día **6 de xullo** (venres) as **12.00 horas**, no Salón de Comisións da Casa do Concello sita na rúa Santiago, n.º 2 de Arzúa; cuxo exercicio consistirá na realización dun suposto práctico determinado pola Comisión Seleccionadora, que estará directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario incluído no Anexo I das Bases; cuxo exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos.

Co cal deronse por rematadas as actuacións que quedaron descritas, ás 13.35 horas do día de hoxe; estendéndose a presente acta, para ser subscribida polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal eu, como secretario de dita Comisión, dou fe.

**PROBA TEÓRICA (EXAMEN-CUESTIONARIO TIPO TEST)**  
OPOSICIÓN LIBRE, DUN/HA TÉCNICO/A EN TURISMO, A XORNADA PARCIAL, NA MODALIDADE  
DE FUNCIONARIO INTERINO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL  
(xuño 2018)

NOME: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

**Plantilla:**

- 1.- B
- 2.- C
- 3.- A
- 4.- A
- 5.- B
- 6.- D
- 7.- D
- 8.- C
- 9.- A
- 10.- C
- 11.- B
- 12.- D
- 13.- A
- 14.- A
- 15.- B
- 16.- A
- 17.- C
- 18.- C
- 19.- C
- 20.- C
- 21.- D
- 22.- B
- 23.- A
- 24.- A
- 25.- A
- 26.- C
- 27.- C
- 28.- C
- 29.- D
- 30.- C

**Reserva:**

- 1.- C
- 2.- B
- 3.- B

**PROBA TEÓRICA (EXAMEN-CUESTIONARIO TIPO TEST)**  
OPOSICIÓN LIBRE, DUN/HA TÉCNICO/A EN TURISMO, A XORNADA PARCIAL, NA MODALIDADE DE FUNCIONARIO INTERINO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL  
(xuño 2018)

NOME: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

Marcar cunha X unha das catro opcións A, B, C ou D que se formulan para cada pregunta.

**1. As penas privativas de liberdade e as medidas de seguridade, segundo a Constitución:**

- a) Terán como fin a humillación dos condenados.
- b) Estarán orientadas cara á reeducación e a reinserción social.
- c) Poderán consistir en traballos forzosos.
- d) Estarán orientadas á imposición de correctivos físicos.

**2. A lei limitará o uso da informática:**

- a) Para garantir a intimidade persoal e familiar dos cidadáns.
- b) Para garantir a honra.
- c) Todas son certas.
- d) Para garantir o pleno exercicio dos dereitos dos cidadáns.

**3. Segundo a Constitución española o dereito para gozar dunha vivenda digna e adecuada é:**

- a) Un principio reitor da política social e económica.
- b) Un deber fundamental dos poderes públicos.
- c) Unha liberdade pública.
- d) Un dereito fundamental dos españois.

**4. O dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, poderán suspenderse:**

- a) En ningún caso.
- b) Cando se declare o estado de sitio.
- c) Cando se declare o estado de excepción ou de sitio.
- d) Cando se declare o estado de excepción.

**5. Segundo o artigo 22.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponde o control e a fiscalización dos órganos de goberno:**

- a) Á Comisión Especia de Contas
- b) Ao Pleno
- c) Ao Alcalde
- d) Ao Consello de Estado

**6. Segundo o artigo 20.1 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, a Comisión Especial de Contas existe:**

- a) Naqueles municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116.
- b) Naqueles municipios con poboación superior a 10.000 habitantes, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116.
- c) Naqueles municipios con poboación superior a 1.000 habitantes, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116.
- d) En todos os municipios, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116.

**PROBA TEÓRICA (EXAMEN-CUESTIONARIO TIPO TEST)**  
OPOSICIÓN LIBRE, DUN/HA TÉCNICO/A EN TURISMO, A XORNADA PARCIAL, NA MODALIDADE DE FUNCIONARIO INTERINO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL (xuño 2018)

NOME: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

**7. Os elementos que conforman un produto turístico poden resumirse en:**

- a) Recursos, infraestruturas.
- b) Empresas, servizos turísticos.
- c) Recursos, infraestruturas, empresas.
- d) Recursos, infraestruturas, empresas e servizos turísticos.

**8. Os dous principais niveis nos que hai que actuar para desenvolver produto nun destino turístico son:**

- a) Planificación física e proxecto de inversión
- b) Desenvolvemento de produtos comerciais
- c) A e B son verdadeiras
- d) A e B son falsas

**9. A totalidade de produtos que unha axencia de viaxes pode ofrecer ao mercado denomínase...**

- a) Carteira de produtos
- b) Produtos de especialidade
- c) Produtos básicos
- d) Produtos auxiliares

**10. A demanda turística pode caracterizarse por ser:**

- a) Culturalmente determinada
- b) Cambiante no tempo e no espazo
- c) A e B son verdadeiras
- d) A e B son falsas

**11. Os recursos turísticos que requiren un axeitado aproveitamento e conservación para evitar a súa destrución son os recursos:**

- a) Renovables
- b) Permanentes
- c) Creables
- d) Todas son falsas

**12. Algúns dos principais conflitos ambientais do turismo teñen que ver con:**

- a) A enerxía e a auga
- b) Os residuos e o ruído
- c) A e B son falsas
- d) A e B son verdadeiras

NOME: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

**13. Unha selva é un recurso turístico natural:**

- a) Xeomorfolóxico
- b) Bioxeográfico
- c) Mixto
- d) Ningunha é correcta

**14. Entre os perigos e ameazas do turismo cultural está:**

- a) A mercantilización da cultura
- b) A tecnoloxía
- c) A inmersión
- d) A interactividade

**15. Entre os perigos e ameazas do turismo cultural está:**

- a) A inmersión
- b) A gentrificación
- c) A tecnoloxía
- d) As novas temáticas

**16. Entre as razóns que explican o aumento do turismo cultural nos últimos anos está:**

- a) Un maior nivel de educación a nivel mundial
- b) Un aumento dos conflitos bélicos
- c) Un mixto
- d) Ningunha é correcta

**17. O Lugar de Fraga Alta pertence á parroquia de:**

- a) Boente
- b) Pantiñobre
- c) A Castañeda
- d) Rendal

**18.- O Lugar de O Río pertence á parroquia de:**

- a) Tronceda
- b) Vilantime
- c) A Castañeda
- d) Viños

**PROBA TEÓRICA (EXAMEN-CUESTIONARIO TIPO TEST)**  
OPOSICIÓN LIBRE, DUN/HA TÉCNICO/A EN TURISMO, A XORNADA PARCIAL, NA MODALIDADE  
DE FUNCIONARIO INTERINO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL  
(xuño 2018)

NOME: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

**19.- O Camiño de Francés ao seu paso polo Concello de Arzúa conta cunha lonxitude de:**

- a) 14.58 Km
- b) 15,48 Km
- c) 16,60 Km
- d) Ningunha é correcta

**20.- As Fervenzas das Hortas encóntranse na parroquia de:**

- a) Viñós
- b) Vilantime
- c) Dombodán
- d) Ningunha é correcta

**21.- O Camiño de Santiago foi declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco:**

- a) en 1995
- b) en 1988
- c) en 1992
- d) en 1993

**22.- O Camiño de Santiago foi declarado "Primeiro Itinerario Cultural Europeo" polo Consello de Europa:**

- a) en 1995
- b) en 1987
- c) en 1992
- d) en 1989

**23. O Consello de Turismo de Galicia como órgano de asesoramento en materia de turismo aparece regulado no Artigo 7 da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia:**

- a) Título I
- b) Título II
- c) Título III
- d) Título IV

**24.- Os bens das entidades locais segundo a Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, clasifícanse en:**

- a) Bens de dominio público e bens patrimoniais.
- b) Bens de dominio público, patrimoniais e comunais.
- c) Bens de servizo público, de uso público, patrimoniais e comunais.
- d) Todas son falsas



**PROBA TEÓRICA (EXAMEN-CUESTIONARIO TIPO TEST)**  
OPOSICIÓN LIBRE, DUN/HA TÉCNICO/A EN TURISMO, A XORNADA PARCIAL, NA MODALIDADE  
DE FUNCIONARIO INTERINO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL  
(xuño 2018)

NOME: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

**25.- Que artigo da Constitución recolle o dereito e o deber de traballar?**

- a) O artigo 35
- b) O artigo 37
- c) O artigo 33
- d) O artigo 39

**26.- Os elementos que compoñen o municipio son:**

- a) Territorio, poboación e concellerías.
- b) O alcalde, o pleno e a xunta de goberno local.
- c) Territorio, poboación e organización.
- d) Todas son falsas.

**27. A calidade turística aparece abordada no Artigo 32 da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia:**

- a) Título I
- b) Título II
- c) Título III
- d) Título IV

**28. Algúns dos principais conflitos ambientais do turismo teñen que ver con:**

- a) A enerxía
- b) A auga e os incendios
- c) a e b son verdadeiras
- d) Todas son falsas

**29. Segundo o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, O Alcalde ten atribuído:**

- a) Dirixir o goberno e a administración municipal.
- b) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.
- c) Ditar Ordenanzas.
- d) As respostas A e B son correctas.

**30. A Lei 7/2011 de Turismo de Galicia márcase como obxectivo a profesionalización do sector. As profesións turísticas recóllense no Título:**

- a) Título III
- b) Título II
- c) Título VI
- d) Título V

**PROBA TEÓRICA (EXAMEN-CUESTIONARIO TIPO TEST)**  
OPOSICIÓN LIBRE, DUN/HA TÉCNICO/A EN TURISMO, A XORNADA PARCIAL, NA MODALIDADE  
DE FUNCIONARIO INTERINO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL  
(xuño 2018)

NOME:

---

DNI:

---

PREGUNTAS RESERVA:

**1. Os dereitos e obrigas das usuarias e usuarios turísticos aparecen enumerados no:**

- a) Título preliminar da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia.
- b) No título 1 da Lei 7/ 2011 de Turismo de Galicia.
- c) No título 2 da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia.
- d) No título 3 da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia.

**2.- A primeira parroquia pola que discorre o Camiño de Santiago ao entrar en Arzúa é:**

- a) Castañeda
- b) Boente
- c) Rendal
- d) Figueiroa

**3. Un sector da poboación que non viaxa a un lugar determinado por algún motivo; pero que si dito motivo desaparece ou cambia, sería posible que viaxara; constitúe un tipo de demanda:**

- a) Diferida
- b) Non efectiva
- c) Real
- d) Potencial